

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA SUBVENCIONES: AXUDAS AS FAMILIAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DOS SEUS FILLOS/AS, ANO 2026.

EXPEDIENTE: 2026/G003/002039

ANTECEDENTES

A finalidade da convocatoria do Concello da Laracha para a prestación de axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos/a, é establecer un réxime compensatorio de carácter xeral destinado a colectivos con carencias de carácter socioeconómico, para potenciar as condicións de igualdade no acceso ao ensino financiado con fondos públicos, a tódolos nenos e nenas empadroados no termo municipal da Laracha, tentando compensar desigualdades derivadas da situación económica e/ou social, apoiar ás familias en situación de desvantaxe social e con menor poder adquisitivo, e evitar situacións de risco e facilitar o rendemento escolar.

No orzamento municipal do Concello da Laracha para 2026, contéplase orzamento para a concesión de axudas de escolarización por importe de 80.000,00€ na partida 320.481.00.

Vistos os seguintes feitos e antecedentes que constan no expediente tramitado:

O Pleno do Concello da Laracha en sesión celebrada o 11 de marzo de 2026 aprobou inicialmente o orzamento para o ano 2026.

O BOP da Coruña nº 51 de data 17.03.2026 publicou a aprobación inicial do orzamento do Concello da Laracha ano 2026.

Nas bases de execución do Orzamento Xeral do Concello da Laracha para o ano 2026, e máis concretamente na base 21ª, establécese o Réxime de Subvencións.

A Concelleira de Servizos Sociais incoa expediente de convocatoria de Axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos/as para o curso 2026/2026 o 31 de xullo de 2026.

A interventora do Concello realiza informe de fiscalización da proposta de Bases para as Axudas o 31 de xullo de 2026.

CONSIDERACIONS XURIDICAS

Tendo en conta as seguintes consideración xurídicas e normativa de aplicación:

Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Considerando o disposto nos artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC), e demais disposicións legais de aplicación.

De conformidade coas potestades e competencias municipais dos artigos 4, 7 e 25 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL); as atribucións alcaldía do artigo 21.1 da LBRL; e a Resolución de alcaldía núm. 842/2023 de 21.06.2023, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local;

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras da concesión de axudas as familias para a escolarización dos seus fillos, ano 2026, que se concretan como seguen:

“1.- DISPOSICIÓN XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos de concesión de axudas para a afrontar os gastos orixinados polo comezo do curso escolar, constituíndo unha acción de fomento que busca a correcta escolarización dos nenos/as pertencentes ás familias menos favorecidas, entendéndose por tales as que se definen nestas bases.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define na base 21ª da execución do orzamento.

2.- OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás familias para atender os gastos orixinados polo comezo do curso escolar de:

- * Estudiantes de 2º ciclo de educación infantil (3 - 4 e 5 anos), primaria e secundaria.*
- * Estudiantes de FP básica, bacharelato e ciclos formativos de grado medio e superior.*
- * Estudiantes de ensinanza do sistema universitario español realizados en centros españois, públicos ou privados, con validez no territorio nacional: ensinanza conducentes a títulos oficiais de Grao/Máster.*
- *Estudiantes con necesidades educativas especiais con recoñecemento de discapacidade igual ou superior o 33% e estudantes con necesidades educativas de apoio educativo.*

3.- FINALIDADE DA AXUDA

Enténdese por tales gastos a compra de:

- *Libros de texto*
- *Material didáctico complementario, material específico e gastos relacionados coa necesidade educativa relacionados directamente cos estudos.*
- *Vestimenta deportiva e material deportivo explícito para a materia de educación física (camisetas, chándal, calcetíns, mallas, deportivos, suadoiro, patíns, raquetas bádminton,..).*
- *Material informático para alumnos/as que estuden en primaria e cursos superiores: tablet, ordenador portátil/ mesa, impresora, pantalla, cascos e material consumible.*



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

4.- FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA

A presente axuda concedida o abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o gasto realizado polo beneficiario.

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 80.000,00 euros na aplicación 320.481.00 do Orzamento Xeral do Concello para 2026.

5.- NÚMERO DE AXUDAS E IMPORTE

Trátase de 403 axudas a distribuír na forma seguinte:

- 80 para estudos de educación infantil (3 - 4 e 5 anos), de 165 euros cada unha.
- 210 para estudos de educación primaria, secundaria obrigatoria e formación profesional básica, por 150 euros cada unha.
- 50 para estudos de bacharelato e ciclos formativos de grao medio e superior, de 225 euros cada unha.
- 40 para estudos universitarios de grao e máster, de 400 euros cada unha.
- 23 para alumnos con necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo, de 350 euros cada unha.

6.- BENEFICIARIOS

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos:

1º.- Estar empadroados no Concello de A Laracha antes do día 1 de agosto de 2025 un dos pais ou titores legais, así como os fillos/as menores de idade para os que se solicite a axuda. No caso de que o solicitante sexa maior de idade, unicamente será necesario que estea empadroado o solicitante.

2º.- Estar cursando algúns dos estudos subvencionables segundo o apartado 2 das presentes bases. Para o caso de que non esté matriculado nun curso completo será preciso estar matriculado, cando menos, en tres materias.

3º.- Pertencer a unha unidade familiar con ingresos anuais per cápita non superiores a 13.000 €. Para o cálculo dos ingresos anuais per cápita dividirase a suma da parte xeral da base imponible previa a aplicación do mínimo persoal e familiar coa base imponible de aforro (casa 435-460 da declaración de IRPF) de todos os membros da unidade familiar entre o número total de membros da unidade familiar (con independencia de que estean ou non empadroados no Concello). O cómputo total de membros dunha familia monoparental ou dunha familia vítima de violencia de xénero sumarase un 0,5 puntos e o cómputo total de membros dunha familia con fillos/as con discapacidade igual ou superior ao 33% sumarase un 0,5 puntos ao alumno/a con estas características.

Considérase a estes efectos, unidade familiar, aos pais/nais ou titores (con independencia de que estean ou non empadroados no Concello), os fillos/as menores de 18 anos e os maiores de idade que non teñan máis de 25 anos sempre que estean estudando e non obteñan ingresos.

O límite máximo de ingresos anuais per cápita, no caso de familias numerosas, incrementarase en 602 euros por fillo a partires do terceiro.

Non terá condición de membro computable o agresor nos casos de violencia de xénero.

Terá condición de familia monoparental aquela que acredite que posúe o certificado da Xunta de Galicia.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

7.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

**Cumprir as normas establecidas nas bases reguladoras das axudas*

**Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión*

**Manter a escolarización durante todo o curso*

**Comunicar por escrito a renuncia á axuda e a causa que a determine no caso de producirse.*

**Cumprir a finalidade para a que foi concedida a axuda*

**Someterse ás actuacións de comprobación e control polo organismo que convoca. Deberá aportar canta información lle sexa requirida da unidade familiar beneficiaria no exercicio das actuacións relacionadas coa concesión da axuda.*

**Comunicar o Concello de A Laracha a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que a da axuda obtida.*

**Manter a conta bancaria, facilitada para o cobro, activa mentres non se teña constancia da finalización do expediente. O pagamento das axudas farase unicamente na conta que os solicitantes fagan constar, preferiblemente a do alumno/a.*

8.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Primeiro.- Prazo de presentación: a partir do día seguinte ó da publicación, por parte da Base de Datos Nacional de Subvencións do extracto da convocatoria das Bases no Boletín Oficial da Provincia, e rematará ás 15:00 horas do día 30 de setembro de 2026.

Segundo.- Lugar de presentación: OMIX, sito na Casa da Cultura da Laracha, rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica do Concello da Laracha.

Terceiro.- Documentación obrigatoria:

a.- SOLICITUDE, pode descargarse da WEB do Concello, recollerse no rexistro xeral do Concello ou na OMIX.

b.- Orixinal e copia do DNI/NIE do alumno/a, si é menor de idade presentará copia do DNI da nai, pai ou titor/a. O pasaporte non é válido.

c.- Orixinal e copia do libro de familia.

d.- Matrícula ou documento oficial do centro de estudo que xustifique a condición de estudante. Presentarán este documento os estudantes que cursen estudos fora do seu municipio e os estudantes de grado ou máster presentarán matrícula do curso 25-26 e 26-27 onde consten as materias.

e.- Copia do libro de cualificacións, boletín de notas ou expediente académico, curso 25-26.

f.- Autorización expresa o Concello da Laracha (modelo de solicitude) para comprobar os datos do padrón, os certificados de estar o corrente coa axencia tributaria, seguridade social e o Concello da Laracha e declaración da renda do ano 2025. Si estes documentos non se poden obter por causas de incompatibilidade material, será requiridos ao solicitante.

Para os membros da unidade familiar que non teñan presentada a declaración do I.R.P.F. do ano 2025, ou si forma parte da mesma algún pensionista, deberá presentar calquera documento xustificativo dos ingresos (fotocopias de nóminas, certificados do SEPE, certificado da Seguridade Social dos ingresos percibidos por este concepto). En defecto de todos os medios anteriores, declaración xurada de ingresos.

g.- Certificación bancaria da titularidade da conta corrente do alumno/a, de non posuír, deberán presentar a do titor/a. Si esta información é a mesma que a presentada na convocatoria anterior non terá obriga de achegala pero si de informar dos datos para a súa comprobación.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

h.- Os alumnos/as con necesidades educativas especiais presentarán o certificado do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%

i.- Os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo presentarán un certificado ou informe específico do equipo de orientación educativa e psicolóxica ou do departamento de orientación no que se detallen as necesidades educativas.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, solicitarase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámites se esta non se efectuase.

Cuarto.- Documentación complementaria:

* O alumno/a que vive fora do domicilio familiar durante o curso escolar presentará a fotocopia do contrato de aluguer e o recibo de pagamento.

*Familia numerosa: tarxeta que xustifica esta condición

*Orfandade: certificados de defunción ou outro documento acreditativo

*Familias divorciadas/separadas: convenio regulador ou sentenza xudicial si esta fai referencia o convenio.

*Familias monoparentais: certificado expedido pola Xunta de Galicia.

*Familias en situación de vítima de violencia de xénero: acreditación mediante sentenza condenatoria, orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida de precaución, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero ou acreditación da situación de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais ou do Centro de Información ás Mulleres.

A acreditación documental mencionada realizarase mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aquelas previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poidan requirir a posterior presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

9.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

Primeiro.- A estimación dos méritos dos solicitantes efectuarase segundo os criterios do seguinte baremo:

*Expediente académico: estimarase a nota media do último curso aprobado polo solicitante:

- sobresaliente 9-10-- 2 puntos,

- notable 7-8: -----1,5 puntos,

- bien 6: -----1 punto,

- suficiente 5, P.A., promociona sin dificultad.: ----- 0,5 puntos,

*Por cada membro da unidade familiar (entendida esta como os pai/nai, titor/a e irmáns) que estean empadroados no Concello: 1 punto por membro.

*Por ser familia monoparental: 1 punto

*Por ser familia numerosa: 1 punto

*Por ser familia con fillos/as con discapacidade igual ou superior ao 33% : 1,5 puntos

*Por ser fillo/a vítima de violencia de xénero: 1,5 puntos

*Por ser fillo/a con orfandade dos dous proxenitores: 1,5 puntos

*Por residir o alumno/a en vivenda alugada durante o curso escolar: 0,5 puntos



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

**Por familias con ingresos anuais per cápita:*

- ingresos ata 2.500,00 euros: 4 puntos,
- ingresos ata 4.000,00 euros: 3 puntos,
- ingresos ata 5.500,00 euros: 2 puntos,
- ingresos ata 7.000,00 euros: 1 punto.

Segundo.- En base aos criterios de outorgamento anteriormente expostos, a Comisión de valoración, establecerá o seguinte orde de concesión:

**1ª) unha axuda por unidade familiar segundo a puntuación obtida da base 9.1, propoñendo conceder a que obteña máis puntuación dentro de cada unha das categorías ata o límite de axudas dispoñibles.*

A prioridade na selección dos solicitantes no caso de empate virá determinada por esta orde:

-No caso de alumnos/as solicitantes, a prioridade virá determinada a prol da menor capacidade económica, a prol das mellores cualificacións académicas, e a prol do número de membros da unidade familiar.

-No caso de ser irmáns os alumnos/as solicitantes, concederase a de maior importe.

**2ª) unha vez outorgadas as subvencións segundo a base 9.1 e de seguir existindo crédito dispoñible, este outorgarase en axudas as familias que cumpran os criterios de outorgamento e que quedaron excluídas por existir máis solicitudes que axudas dispoñibles.*

**3ª) unha vez outorgadas segundo a base 9.2.1 e 9.2.2 de seguir existindo crédito dispoñible, este outorgarase propoñendo unha segunda axuda as familias numerosas que cumpran o criterio de valoración 9.1 ata rematar o crédito dispoñible.*

10.- PROPOSTA DE CONCESIÓN

A Comisión de valoración de subvencións procederá á proposta de concesión de subvencións segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de valoración de subvencións terá a seguinte composición:

María Canedo Barreiro, Técnica de Turismo e Cultura

Andrea Rodríguez Lorenzo, Animadora Cultural

Belén Cabeza Bello, Auxiliar da Oficina de Información Xuvenil

Actuará como Secretaria a Auxiliar da Oficina de Información Xuvenil do Concello da Laracha

A Comisión de valoración poderá solicitar a axuda ou delegar en quen estime oportuno dos servizos municipais para a valoración das peticións de axuda a escolarización.

11.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

Posteriormente á proposta efectuada pola Comisión de valoración, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización.

A partir da proposta da Comisión de valoración informada pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especificará a relación de solicitantes aos que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para resolver será de dous meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

Será publicado na páxina web municipal e no taboleiro de edictos a relación das axudas concedidas para a posterior xustificación.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

12.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento das axudas efectuarase aos beneficiarios no número de conta que se presentou no momento da solicitude unha vez resolta a concesión das mesmas.

A concesión da subvención supón a obriga de xustificación cos seguintes documentos:

a) impreso de xustificación facilitado pola administración.

b) facturas con data entre o 1 de xuño e o 30 de novembro de 2026 por importe igual ou superior o concedido, con todos os requisitos regulamentarios onde reflicte en que consiste o material adquirido como libros de texto, material didáctico complementario, material específico, vestimenta deportiva e material informático. Os estudantes con necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo deberán xustificar o 50% da axuda concedida con gasto relacionado coa necesidade educativa (médicos especialistas, terapias, centros educativos,...).

c) declaración xurada das axudas percibidas polo mesmo concepto e finalidade doutros Organismos e/ou Administracións Públicas. De ter percibidas varias axudas para os mesmos conceptos deberán xustificar con facturas o total das axudas recibidas.

O prazo para xustificar rematará o 30 de novembro de 2026.

O incumprimento da obriga de xustificar a subvención ou si a xustificación é insuficiente, levará consigo o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13.- RECURSOS:

A resolucións das convocatorias porán fin á vía administrativa e poderá ser recorrida potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou ou ser impugnadas mediante a interposición de recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Galicia, Xeral de Subvencións, así como as Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de A Laracha para o ano 2026.”

SEGUNDO.- Remitir as bases e a convocatoria aprobadas a Base de Datos Nacional de Subvencións para que se lle de a oportuna publicidade no Boletín Oficial da Provincia da Coruña

TERCEIRO.- Publicar as Bases na sede electrónica do Concello e na páxina web.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución os servizos económicos do Concello da Laracha.

A Laracha, na data da sinatura dixital

O alcalde

José Manuel López Varela

O secretario (art. 3.2 RD 128/2018; e art.2.1 Decreto 24/2018)

Rafael José Del Barrio Berbel



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)